

■ 9 ó 14 de novembro de 2009

XIX

Festival

de

jazz

de Lugo





Christian Howes & Federico Lechner

Auditorio Caixa Galicia

Luns 9 de novembro - 20:00

Christian Howes (Columbus, Ohio -1973). Comeza os seus estudos de violín aos cinco anos de idade e aos dezaseis toca o concerto para violín de Mendelssohn. Aos 20 anos interésase polo jazz e decide dedicarse por enteiro a este xénero musical. Tamén comeza a indagar e a explotar as posibilidades do violín eléctrico, sometendo ó son a distintos procesos. Este feito sumado a súa desbordante enerxía, valeulle o alcume de “o Jimmy Hendrix do violín”.

Ten tocado con músicos da talla de Les Paul, Jack deJohnette, Steve Turre, Randy Brecker, David Murray ou Bill Evans. Foi invitado a participar nos Festivais de Jazz de Newport, Toronto, Ottawa, ou en clubs tan prestixiosos como o Village Vanguard, Knitting Factory ou Birdland.

Federico Lechner, naceu en Bos Aires no 1974 nunha familia de músicos, comeza a tocar o piano á idade de 3 anos. En 1989 comenza a estudar jazz e traballar como pianista e teclista con diversos artistas. Ten colaborado

cun amplo abano de artistas do panorama da música comercial en España: Los Toreros Muertos, Miguel Ríos, Ariel Rot, Javier Krahe, Pablo Carbonell, Ismael Serrano, Sergio Makaroff, ou Javier Ruibal, compaxinando as facetas de pianista, arreglista, multi-instrumentista, e produtor artístico. No circuito jazzístico español ten tocado con Jorge Pardo, Antonio Serrano, Perico Sambeat, Pedro Ruy Blas, Bob Sands, Ximo Tebar, Concha Buika, Paloma Berganza, e colabora habitualmente con artistas internacionais como Jerry González, Sonny Fortune, Ugonna Okewo ou Rez Abbasi.

Encontramos o seu nome nas bandas sonoras de “Los lunes al sol”, “Rencor”, o “Ataque verbal”.

En 2002 o seu disco a dúo xunto a Jerry González “A primera vista” resulta finalista como Mellor Álbum de Jazz nos Premios da Música españoles. No 2005 foi galardonado co Primeiro Premio de Composición de jazz “Teté Montoliú” convocado pola SGAE.



Roy Hargrove Quintet

Círculo das Artes

Luns 9 de novembro - 21:30

Roy Hargrove, un dos músicos máis activos da escena neoiorkina e protexido de Winton Marsalis nos seus comezos, volta ás súas orixes máis jazzísticas cun novo quinteto despois dun receso coa súa exitosa formación RH Factor, na que sorprendía coa súa mistura de jazz con soul urbán e incluso hip hop, incorporando a cantantes como Erykah Badú, ó rapeiro Common ou mesmo ó produtor Gilles Peterson.

Hargrove estivo un ano (1988-1989) estudiando no Boston's Berklee College of Music, pero era máis fácil encontralo en jam sessions de Nov Iorque, polo que finalmente trasladouse á The New School nesta cidade. En 1990 lanzou o seu primeiro álbum en solitario. Posteriormente firmou un contrato con Verve Records, o que lle deu a oportunidade de traballar con algúns dos

saxofonistas tenores máis destacados do momento en *With the Tenors of Our Time*, que incluía a Joe Henderson, Stanley Turrentine, Johnny Griffin, Joshua Redman e Branford Marsalis.

Dúas veces gañador dun premio Grammy por dous dos seus dezasete discos publicados ata a data, Hargrove ten traballado con un grande número de músicos, entre os que se atopan Herbie Hancock, Sonny Rollins, Michael Brecker, Jackie McLean, Slide Hampton, Natalie Cole, Diana Krall, Abbey Lincoln, Diana Ross, Carmen McRae, Shirley Horn ou Jimmy Smith.

Alínda que o son de Hargrove é facilmente recoñecible e orixinal, destacan en él as influencias de Freddie Hubbard, Fats Navarro, Miles Davis, Lee Morgan e Clifford Brown.

Roy Hargrove: Trompeta e fliscorno.

Justin Robinson: Saxo alto e frauta.

Joel Holmes: Piano.

Ameen Saleem: Contrabaixo.

Montez Coleman: Batería.



Germán Díaz: Zanfona.

Germán Díaz: Pi – Música para manivelas

Auditorio Caixa Galicia

Martes 10 de novembro - 20:00

Germán Díaz é un zanfonista e pioneiro da improvisación jazzística con tan ancestral instrumento. A pesar da súa xuventude o seu currículum mostra unha grande cantidade de actividades que o levaron a participar en actuacións coa Viellistic Orchestra francesa, a formar parte do cuarteto acústico de Baldo Martínez, formar un dúo co mestre Pascal Lefeuvre ou a editar casi una decena de traballos discográficos propios e a colaborar nunha centena de gravacións.

En 2004 crea a súa propia discográfica: Producciones efímeras.

En “**PI**” Germán Díaz ofrece un espectáculo que xira en torno a tres instrumentos de manivela: A zanfona, do século X, e dous instrumentos mecánicos: a caixa de música, do século XVIII e órgano de barbaria, fabricado hacia 1880, unidos por un inxenio electrónico do século XX, unha pedaleira que grava as melodías en directo e despois as lanza para improvisar sobre a rixidez das cancións programadas nos cartóns que len os instrumentos mecánicos...

¿Soa raro?... normal, é único.



Javier Colina: Contrabaixo.

Marc Miralta: Bateria.

Perico Sambeat: Saxos e frauta.

CMS TRIO – Colina Miralta Sambeat

Círculo das Artes

Martes 10 de novembro - 21:30

O supergrupo do momento no jazz español. Tres músicos en plena madurez creativa que despois de haber compartido anos de escenarios e estar presentes nas mellores gravacións que se fixeron neste país, decidiron xuntar forzas nun proxecto único e intenso. Javier Colina, Marc Miralta e Perico Sambeat forman o CMS Trío. Teñen dous discos publicados ata o momento e un terceiro en directo, xa gravado, que aparecerá próximamente. O último, *Andando* (2009, Universal / Contrabaix), é toda unha demostración do mellor carácter que demostran cada un deles. Aquí non hai líderes; son tres músicos únicos que poñen a súa sabiduría nun crisol do que xurde un jazz en estado puro.

Colina, Miralta e Sambeat colaboraron coas máis importantes figuras do jazz:

Javier Colina é máis coñecido, sen dúbida, por ser o contrabaixista que aparece no disco *Lágrimas Negras* de

- Diego El Cigala e Bebo Valdés. Mesmo tocou toda unha semana no Village Vanguard acompañando a Bebo.

Perico Sambeat é un dos máis importantes músicos deste país. Ten colaborado con Steve Lacy, Lee Konitz, Brad Mehldau ou Pat Metheny.

Marc Miralta ten colaborado con Tete Montoliú, Art Farmer, Pat Metheny ou Steve Lacy.





Kurt Elling: Voz.

Ernie Watts: Saxo.

Laurence Hobgood: Piano.

Harish Raghavan: Contrabajo.

Otis Brown III: Batería.

Dedicated To You: Kurt Elling Sings Coltrane/Hartman

Featuring Ernie Watts

with Laurence Hobgood Trío

Círculo das Artes

En pouco máis dunha década, **Kurt Elling** convertiuse no referente máis importante do jazz vocal masculino actual. Nado en Chicago, cunha voz de barítono coa que abarca catro octavas, Elling fai gala dunha técnica asombrosa nas súas execucións e improvisacións, mostrando un dominio técnico absoluto a nivel rítmico, tímbrico, dinámico e de fraseo que o acerca máis o prototipo de instrumentista virtuoso que o de cantante ó uso.

No 1995 o famoso selo de jazz Blue Note, edita o seu primeiro disco, titulado “*Close Your Eyes*” que obtén unha nominación ó Grammy, que repetiría catro veces máis na súa carreira.

Kurt Elling está considerado por un amplo número de críticos como o máis importante vocalista de jazz do momento. Foi elixido por dez anos consecutivos “Mellor cantante de jazz” polas revistas *Down Beat* e *JazzTimes*

Mércores 11 de novembro - 20:30

e en cinco ocasións, incluído o 2009, como “Cantante do ano” pola American Jazz Journalists Association. Ten participado nos festivais de jazz máis importantes do mundo e traballado con músicos da talla de Dave Brubeck, Herbie Hancock ou Dexter Gordon.

Ernie Watts estivo durante os últimos cuarenta anos no máis alto da escena do Jazz e o R&B. Despois de estudar en Berkeley, entrou na banda de Buddy Rich nos anos 60. Nesa época tamén traballou con Oliver Nelson e Jean-Luc Ponty. Nos anos 70 e 80 gravou os seus propios discos e colaborou con Cannonball Adderley, Lee Ritenour, Stanley Clarke, ademais de formar parte do Quartet West do contrabaixista Charlie Haden.e gañar un Grammy como mellor instrumentista de jazz.. Ó mesmo tempo é recoñecido pola súa colaboración en xiras dos Rolling Stones nos 80, en moitos dos discos de Marvin Gaye na Motown dos 70 ou en míticas gravacións de Frank Zappa .



Jaume Tugores Tríó

Auditorio Caixa Galicia

Xoves 12 de novembro - 20:00

A música de Jaume Tugores (Palma de Mallorca, 1974) abriu un camiño sumamente interesante na música instrumental de autor en España cos seus primeiros traballos discográficos (“Anche lui e qui”, “El Seu Orient” e “Jantar com inspiração”). Tanto o directo como as críticas recibidas mostran un artista cun grande poder de transmisión e un guitarrista e compositor de técnica moi persoal.

No 2007 sacou ó mercado “Imatges de Knopfler” unha homenaxe moi especial á música creada polo guitarrista Mark Knopfler (Dire Straits) que realizou para diversas bandas sonoras, principalmente de Cine de Autor, como “La Princesa prometida, Last exit to Brooklyn, Cal o Local Hero” entre outras.

Agora está no proceso de gravación do seu 5º traballo discográfico “Nou llocs per a un nòmada”, disco baseado nunha viaxe que realizou a Mynamar (antiga Birmania) e

que conterà nove temas, oito relacionados cunha parte do país visitado e o noveno é un lugar metafórico: o recordo de Mynamar.

A súa música aglutina moitos estilos pero un só en definitiva: o de Jaume Tugores, guitarrista e compositor de tódolos temas, que en colaboración cos músicos habituais da banda, como con outros invitados, dan forma a un proxecto que se traduce en música mediterránea sin pechar fronteiras musicais: bossa, samba, rumba,... que son “revestidas” co agarimo que proporciona o “Mare Nostrum”.

En palabras de Jaume Tugores: “... mi música es tradicional, pues bebe de músicas folclóricas, especialmente del Mediterráneo, y, exceptuando el bajo eléctrico, tan sólo hago servir instrumentos acústicos. Miro de hacer convivir el lirismo heredado de la música de cine (especialmente la italiana) con el optimismo que aportan los ritmos de músicas latinoamericanas y mediterráneas.”

Jaume Tugores: Guitarra.

Josep Mula: Batería.

Marc Cuevas: Contrabaixo.

Ignasi Terraza Trío con Josep M^a Farràs

+ Invitado especial: Jesse Davis

Círculo das Artes

Xoves 12 de novembro - 21:30



J. M. Farràs: Trompeta.

Jesse Davis: Saxo.

Ignasi Terraza: Piano.

Dimitri Skidanov: Contrabaixo.

Jean Pierre Derouard: Bateria.

Co patrocinio de:



Ignasi Terraza, nace en Barcelona no ano 1962, comeza os seus estudos de piano clásico pouco despois de perder a vista, ós nove anos, e pronto interésase polo jazz escoitando a música de Tete Montoliu. No ano 1986 crea o seu primeiro trío e no 1990 xúntase ó trío o guitarrista norteamericano Dave Mitchell baixo o nome de Mitchell-Terraza Quartet, gañando o primeiro premio do Festival Internacional de Guetxo. Máis tarde colabora coa Paris - Barcelona Swing Connection (1995), o cuarteto internacional Four Kats (premio mellor disco de jazz de 1996 pola emisora Radio4) e a Barcelona Jazz Orquestra (1997-2000). Durante os últimos anos fóronlle concedidos varios premios máis: Altaveu polo disco " Sentimental Groove", o da revista Jaç polo mesmo disco como o mellor do 2006. ..., pero destacaremos o primeiro premio por unanimidade do xurado no pretixioso The Great American Jazz Piano competition de Jacksonville no 2009, premio que nas edicións anteriores fora gañado por Marcus Roberts ou Kenny Drew Jr. e foron finalistas Brad Mehldau, Harry Connick ou Bill Charlap.

Terraza a miúdo é considerado como o herdeiro de Tete Montoliu aínda que o músico ten un estilo propio que o converteu nun dos pianistas cataláns máis populares.

Josep Maria Farràs destacou sempre por unha sonoridade potente e agresiva e unha gran versatilidade estilística, coa clara influencia de Gillespie e especialmente, de Clifford Brown. Está considerado como un dos mellores trompetas do país e o mesmo Tete Montoliu solicitabao frecuentemente. Participou nos grupos creados entorno o Club Jazz Terrassa a mediados dos 60 e actúa con Johnny Griffin, Slide Hampton ou Bobby Jones.

Jesse Davis ocupa un lugar de privilexio entre os mellores saxofonistas do momento. Foi membro da famosa Sax Machine de Phil Woods, colaborou con Ray Brown, Milt Jackson, Nicholas Payton, Cecil Payne, Illinois Jacquet, Kenny Barron, Tete Montoliu, Cedar Walton, Benny Golson, The Newport All Stars, Roy Hargrove, Hank Jones e unha longa lista de outros grandes nomes. En 1996 participa de forma sinalada no filme de Robert Altman "Kansas City".



Wolfgang Muthspiel: Guitarra.

Matthias Pichler: Contrabaixo.

Andreas Pichler: Batería.

Wolfgang Muthspiel Trío

Círculo das Artes

Un dos artistas máis interesantes da escena do jazz e a música “contemporánea”, o guitarrista e compositor austríaco Wolfgang Muthspiel: Caracterízase pola súa profunda integridade, a súa sensibilidade e a súa audaz musicalidade. Cunha linguaxe musical sumamente persoal, de carácter aberto e sen prexucios, desenrola un estilo compositivo que vai máis alá das súas variadas influencias que van de Messiaen, Glenn Gould, Bach, música coral do Renacemento e a música popular austríaca, ata Miles Davis, Prince ou Bill Evans.

Empeza a destacar no mundo do jazz, no ano 1.991 cando participa no disco *Cool nights* do vibrafonista Gary Burton e substitúe a Pat Metheny. No ano 1.992 podíase ler o seu nome nos créditos dun disco dunha pianista e vocalista que empezaba por aquel entón a despuntar: Patricia Barber e tamén como membro do Paul Motian’s Electric Bebop Band, no que participaban o contrabaixista Steve Swallow, os saxofonistas Chris Cheek e Chris Potter e o tamén guitarrista Kurt Rosenwinkel; ou como membro da Vienna Art Orchestra.

Venres 13 de novembro - 20:30

A súa traxectoria como líder empeza no ano 1.988 co selo Polygram, con proxectos nos que participaron músicos como os saxofonistas George Garzone, Bob Berg ou Chris Check; o trompetista Tom Harrell, os contrabaixistas Marc Johnson, Gary Peacock ou Larry Grenadier; ou os bateristas Paul Motian e Peter Erskine e que se prolongaría durante nove anos ata chegar ó proxecto *Daily mirror* no ano 2.000, xunto á vocalista Rebekka Bakken, co que se inicia a produción discográfica do seu propio selo, Material Records, co que leva publicados unha ducia de discos coma líder, con colaboracións de Marc Johnson, Brian Blade, Rebekka Bakken... cun trío de cordas, totalmente en solitario ou cun ensamble baseado no canto gregoriano. No ano 2003 foi elixido como músico europeo do ano (European Jazzprize).

Neste proxecto recupera a formación de trío acompañado dunha sección rítmica, practicamente da súa mesma xeración, cun concepto musical máis próximo ás propostas plantexadas polo guitarrista nos últimos anos, formada polos irmáns Matthias e Andreas Pichler ó contrabaixo e á batería, respectivamente.



Chris Kase Sextet

Círculo das Artes

(1964, New Brunswick, NJ, EE.UU.), trompetista e compositor de jazz, Kase actuou ou grabou con artistas de jazz como: The Mingus Big Band, Adam Nussbaum, Kenny Wheeler, Bob Mintzer, The Bird of Paradise Orchestra, Steve Coleman, Chick Corea, Steve Wilson, Al Foster, Grant Stewart, Bruce Barth, David Berkman, Perico Sambeat, Iñaki Salvador, Jorge Pardo e Don Braden, entre outros.

Ten publicado cinco discos como líder. O máis recente, titulado *Ode*, foi editado por Nuba Records/Karonte en novembro de 2008. O seu método para trompeta, *Twenty-first Century Technique* foi publicado por Balquhider Music en 2006.

O talento de Kase como compositor foi recoñecido e premiado pola American Society of Composers, Authors and Publishers, OI Consello do Arte e Cultura do estado de Michigan, pola Sociedad General de Autores y Editores na Bienal SGAE Jazz Tete Montoliu, o John Lennon Song Writing Contest e o Billboard Magazine Songwriting Contest.

Chris Kase: Trompeta.

Enrique Oliver: Saxo.

Joaquín Chacón: Guitarra.

Mariano Díaz: Piano.


Paco Charlín: Contrabaixo.

Daniel García Bruno: Batería.

·Sábado 14 de novembro - 19:30

Formouse na Berklee College of Music onde se licenciou en 1985 (Pedagogía Musical, *cum laude*) e na University of Massachusetts at Lowell (Master, trompeta-clásico). Estudiu con grandes trompetistas de jazz como Mike Metheny, Jack Walrath, Laurie Frink, Ralph Alessi, Kenny Wheeler y Randy Brecker

Mentras vivía en Nova Iorque (1992-1997) tivo a oportunidade de tocar con moitos dos máis importantes músicos de jazz contemporáneos, como os pianistas John Hicks, Kenny Drew, Jr., Ethan Iverson, guitarristas Joe Cohn, Peter Bernstein, saxofonistas Seamus Blake, Mike Karn, Chris Potter, trompetistas Jack Walrath, Lew Soloff, trompista Tom Varner, contrabaixistas Michael Formanek, Johannes Weidenmüller, Doug Weiss, Reid Anderson, baterías Tom Rainey, Jeff Ballard, Marc Miralta, Steve Johns e un longo etcétera. Ten actuado nos prestixiosos clubs de jazz como Time Café, Visiones, Five Spot, Small's, Metronome e Cornelia Street Café, e con coñecidos ensambles como Mingus Big Band, Guillermo Klein Big Band e Normal Garden.



Kenny Barron: Piano.

Kiyoshi Kitagawa: Contrabaixo.

Johnathan Blake: Batería.

Kenny Barron Trío

Círculo das Artes

Kenneth Barron naceu en Philadelphia en 1943. Estudou piano coa irmá de Ray Bryant, e progresou tan rapidamente que cara ó 1957 logra a súa primeira participación nunha orquesta. Despois dun breve paso polas formacións de Philly Joe Jones e Yusef Lateef (1960), instálase en Nueva York, onde traballa con James Moody, Lee Morgan e Lou Donaldson (1961). O ano seguinte toca con Roy Haynes, antes de substituír a Lalo Schiffrin no quinteto de Dizzy Gillespie, onde se dá a coñecer e que abandoa en 1966 para tocar con Freddie Hubbard e Stanley Turrentine. En marzo de 1970 incorpórase ó cuarteto de Yusef Lateef; despois traballa con Milt Jackson, Jimmy Heath, Stan Getz (1974-1975) e posteriormente inicia unha duradeira colaboración con Ron Carter (1976-1980). En 1981, é xunto ó saxofonista Charlie Rouse, un dos fundadores de Sphere, grupo ó que permanecerá fiel ata a súa disolución ademais de traballar, a partir de 1984, con Bobby Hutcherson e de acompañar a numerosos músicos en gravacións ou xiras. En 1986 Kenny incorpórase ó cuarteto de Stan Getz,

Sábado 14 de novembro - 21:30

que incluía a Victor Lewis e Rufus Reid e traballa con él de forma continua ata 1991 no que grava People Time, que representa o punto álxido da complicidade musical entre estes dous xigantes. Durante os anos noventa, Kenny estaba xa universalmente considerado como un dos principais expoñentes do piano-jazz contemporáneo, principal mantedor da tradición do piano be-bop, entroncado con figuras históricas como Hank Jones ou Tommy Flanagan, aínda que Barron segue aventurándose en novos territorios creativos coa mesma frescura coa que o facía ó comezo da súa dilatada traxectoria. A maioría dos 'xóvenes leóns' do piano, como Danilo Pérez, Benny Green, Cyrus Chestnut o Eric Reed, recoñecen a Barron como unha influencia predominante nas súas carreiras.

O Festival de Jazz de San Sebastián concedeulle o Premio Donostiako Jazzaldia no ano 2000 e O Heineken Jazzaldia de 2005.

Prólogo

Maní & Cupeiro Quartet

Club Clavicémbalo

Sábado, 7 de novembro - 23:30

Carlos Vázquez "Maní": Vibráfono.

Abraham Cupeiro: Trompeta.

Evaristo Friero: Contrabaixo.

Leopoldo Centeno: Bateria.



ConCierta Swing Jazz

Club Clavicémbalo

Luns, 9 de novembro - 23:30

Alvaro Lamas: Pedal Steel Guitar.

José Esteban: Guitarra.

Juan Tinaquero: Baixo.

Pipo García: Bateria.



Pablo Seoane Cuarteto

Club Clavicémbalo

Martes, 10 de novembro - 23:30

Pablo Seoane: Piano.

Javier Barral: Bateria.

Juan Cañada: Contrabaixo.

Toño Otero: Saxo tenor.



KB Conection

Club Clavicémbalo

Mércores, 11 de novembro - 23.30

Pablo Añón: Saxo alto.

Ernesto Larcher: Contrabaixo.

Diego Lipnizky: Guitarra eléctrica.

Miguel González: Bateria.

Marcos Salcines: Piano e teclado.



Michel González Band

Club Clavicémbalo

Xoves, 12 de novembro - 23:30



Michel González: Guitarra.

Daniel Batán: Baixo.

Luis Alberto Legido: Batería.

Albert Vila Quintet

Club Clavicémbalo

Venres, 13 de novembro - 23:00



Albert Vila: Guitarra.

Santi de la Rubia: Saxo tenor.

Roger Mas: Piano.

Marko Lohikari: Contrabaixo.

Marc Ayza: Batería.

Javier Pereiro Quartet

Club Clavicémbalo

Venres, 13 de novembro - 24:00



Javier "GDjazz" Pereiro: Trompeta.

Virxilio da Silva: Guitarra.

Juansy Santomé: Contrabaixo.

Max Gómez: Batería.

Sofía Ribeiro Quartet

Club Clavicémbalo

Sábado, 14 de novembro - 23:30



Sofía Ribeiro: Voz.

Francesco Diodati: Guitarra .

Matteo Bortone: Contrabaixo.

Leandro Leonet: Batería.

Albert Vila Quintet

Club Clavicémbalo

Sábado, 14 de novembro - 00:30

Palabras de Música

Club Clavicémbalo

Pinturas monocromáticas de Lomartí

Notas

Organiza:



www.jazzlugo.com
e-mail: festival@jazzlugo.com



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

FUNDACION CAIXAGALICIA



Concello de Lugo
Concellería de Cultura
e Turismo



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



VICERREITORÍA DE CULTURA



ELPROGRESO



Web colaboradora:

OcioenLUGO.com